

**ACTA DA SESIÓN PÚBLICA CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO  
DE O LAXE. PERIODO 2019-2023**

**ORDE DO DÍA**

- 1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**
- 2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS, XURAMENTO OU PROMESA DOS SEÑORES CONCELLEIROS E DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**
- 3. ELECCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE, XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN.**
- 4. DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE TESOURERÍA A 14 DE XUÑO DE 2019, E DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO MUNICIPIO.**

En Laxe, sendo as 12:00 horas do quince de xuño de 2019, reúnen no Salón de Sesiós deste Concello, a totalidade dos concelleiros/as electos/as desta Corporación, que presentaron a credencial de Concelleiro/a ante a Secretaría Municipal, coa finalidade de realizar a sesión pública de constitución do Concello, asistidos por min, o Secretario-Interventor da Corporación, Dona Begoña Carrasco García, que dou fe do acto.

**1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE**

En cumprimento do disposto nos artigos 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e 37.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, solicito o concelleiro electo de maior idade, D. Manuel Esmorís Cotelo, que pase a presidir a Mesa de Idade acompañado do concelleiro electo de menor idade, D. Diego Soto Pereiro, ao fin de iniciar a constitución da corporación municipal do Concello de Laxe.

Constituída a Mesa de Idade, polos concelleiros electos de maior e menor idade indicados, xunto co Secretario-Interventor, declárase aberta a sesión.

**2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS, XURAMENTO OU PROMESA DOS SEÑORES CONCELLEIROS E DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

A Xunta Electoral de Zona de Carballo, en cumprimento do que dispón o artigo 108.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral en data 10 de xuño de 2019, con entrada no Rexistro do Concello en data 11 de xuño, estendeu a acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o pasado 26 de maio de 2019 na circunscrición electoral de Laxe certificando o número de electores, de votantes, de votos ás candidaturas, de votos en branco, de votos nulos, e o número de votos e concelleiros obtidos por cada candidatura, como tamén a relación nominal de concelleiros electos para o Concello de Laxe, segundo o seguinte resumo.

Número de electores censados: 2.679

Número de votantes: 2.155

Votos en branco: 17  
Votos nulos: 37  
Número de votos a candidaturas: 2.101

<b>Candidaturas</b>	<b>Votos obtidos</b>	<b>Nº de</b>
<b>Concelleiros</b>		
Partido Popular:	1.154	6
Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE:	699	4
Bloque Nacionalista Galego:	248	1

De acordo co resultado reflectido a Xunta Electoral proclamou Concelleiros aos candidatos coa seguinte relación nominal.

**Sres./as Concelleiros/as Electos/as asistentes:**

D. José Luis Pérez Añón (Partido Popular)  
D. Francisco Charlín Oróns (Partido Popular)  
D<sup>a</sup>. Raquel Lema Allo (Partido Popular)  
D<sup>a</sup>. Sandra Mouzo Pose (Partido Popular)  
D. Diego Soto Pereiro (Partido Popular)  
D. Elogio Constantino Castiñeira (Partido Popular)

D. José Manuel Mouzo Castiñeira (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE)  
D. Franciso Javier Hermo Vales (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE)  
D<sup>a</sup>. Bárbara Varela Álvarez (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE)  
D. Manuel Esmoris Coteló (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE)

D. Xosé Manuel Pose Lema (B.N.G.)

Todos os concelleiros/as electos/as, presentaron a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, e formularon as declaracións de bens e actividades a que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta de que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e 37.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e que concorren a esta Sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réximen Electoral Xeral de prestar xuramento ou promesa de acatamento á Constitución;

polo que se procede pola orde establecida na acta de proclamación, á lectura do nome e apelidos de cada un dos concelleiros electos que asisten á sesión que, dun en un, se dirixirán á Presidencia, comprobándose por parte dos membros da Mesa de Idade a identidade de cada concelleiro/a electo/a e prestarán a súa fórmula de xuramento ou promesa, do seguinte tenor literal:

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Laxe, e gardar e facer gardar a Constitución coma Norma Fundamental do Estado?”

A fórmula empregada por cada un dos concelleiros/as é a seguinte:

- D. José Luis Pérez Añón (Partido Popular): Xuro.
- D. Francisco Charlín Oróns (Partido Popular): Xuro.
- D<sup>a</sup>. Raquel Lema Allo (Partido Popular): Xuro.
- D<sup>a</sup>. Sandra Mouzo Pose (Partido Popular): Xuro.
- D. Elogio Constantino Castiñeira (Partido Popular): Xuro.
- D. José Manuel Mouzo Castiñeira (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE): Prometo.
- D. Francisco Javier Hermo Vales (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE): Prometo.
- D<sup>a</sup>. Bárbara Varela Álvarez (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE): Prometo.
- D. Xosé Manuel Pose Lema (B.N.G.): Si, prometo.

En derradeiro lugar prestan xuramento ou promesa os concelleiros integrantes da Mesa de Idade:

- D. Diego Soto Pereiro (Partido Popular): Xuro.
- D. Manuel Esmorís Cotelo (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE): Xuro.

### 3.- **ELECCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE, XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN.**

Seguidamente se declara constituída a Corporación e a continuación procederase á **elección do Alcalde do Concello** entre os membros da corporación que encabezan as listas con representación, e con tal finalidade se dá lectura o artigo 196 da LOREX.

*En la misma sesión de Constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:*

*a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabezan sus correspondientes listas.*

*b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.*

*c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejale que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.*

Preséntanse coma candidatos a Alcalde os concelleiros que seguidamente se indican, e que encabezan as súas correspondentes listas, retirando a súa candidatura o concelleiro Xosé Manuel Pose Lema (B.N.G.).

- D. José Luis Pérez Añón (Partido Popular)
- D. José Manuel Mouzo Castiñeira (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE)

A continuación procédese a realizar a votación mediante o sistema ordinario, a man alzada, por así decidilo todos os concelleiros.

<b>Candidatos.....</b>	<b>Votos obtidos</b>
D. José Luis Pérez Añón (Partido Popular)	6
D. José Manuel Mouzo Castiñeira (Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE)	4

Obtendo o sr. concelleiro D. José Luis Pérez Añón, representante da lista do PP, a maioría absoluta de votos, é proclamado Alcalde pola Mesa de Idade.

Seguidamente, toma posesión no seu cargo o Alcalde e mediante a seguinte manifestación:

*“¿Xura ou promete pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Laxe, e gardar e facer gardar a Constitución coma Norma Fundamental do Estado asumindo os deberes e atribucións que legalmente corresponden?”*

“si xuro”

Unha vez que o Alcalde toma posesión do seu cargo, queda disolta a Mesa de Idade, e intervén manifestando o seu agradecemento a todos os presentes.

#### **4.-DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE TESOURERÍA A 14 DE XUÑO DE 2019, E DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO MUNICIPIO.**

Antes de levantarse a sesión e dando cumprimento o disposto na normativa sobre réxime local, o Secretario-Interventor da conta da acta de arqueo a 14 de xuño de 2019, adxunto no presente expediente, e saldos bancarios das contas abertas nas distintas entidades de crédito.

#### **Existencias en bancos e institucións financeiras, contas operativas**

-BANCO SANTANDER: 9.529,57€  
-BANCO PASTOR: 29.328,61€  
-BBVA: 366.373,15€  
-ABANCA: 49.974,26€  
-BANCO SABADELL: 1.189,28€  
-BANCO SABADELL: 586.115,21€  
-BANCO SABADELL: 15.500,38€  
-CAIXA CORPORACIÓN: 0,00€

**TOTAL EN METÁLICO: 1.058.010,46€**

A continuación, e ós efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e o artigo 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Rd 1372/1986, de 13 de xuño, dase conta da documentación relativa ó Inventario do Patrimonio Municipal, rectificando ó 1 de xaneiro de 2008, que ascende a un importe total de once millóns douscentos sesenta e dous mil corenta e cinco euros con sesenta e dous céntimos (11.262.045, 62).

**E realizadas as operacións anteriores, o Alcalde levanta a sesión sendo as doce horas e vinte minutos do día quince de xuño de dous mil dazanove, extendéndose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**O Alcalde-Presidente**

**O Secretario-Interventor**